



**XUNTA
DE GALICIA**

**INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
RICARDO MELLA**

IES Ricardo Mella
Estrada Vella de Madrid, nº 177, 36214 Vigo
☎ 886121001- 📠 FAX 886121026
E-mail: ies.ricardo.mella@edu.xunta.gal
Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesricardomella>

GUÍA DO ALUMNADO



**IES RICARDO MELLA
CURSO 2024/2025**



ÍNDICE

1.-O Centro

1.1-Presentación do Centro	3
1.2-Localización.....	4
1.3-Planos	5

2.-Oferta educativa. Calendario. Horario

2.1-Oferta educativa 24/25	6
2.2-Calendario Escolar 24/25	7
2.3-Horario Lectivo e das instalacións do centro	7

3.-Organigrama

4.-Servizos do Centro

4.1- Transporte Escolar	9
4.2-Biblioteca “Ana Arraiz”	10
4.3-Viveiro Empresas	10
4.4-Bolsa de Emprego.....	10
4.5-Servizo Reprografía	10
4.6-Aparcadoiro	10
4.7-Cafetaría.....	10

5.-Dereitos e Deberes do alumnado. Normas de Convivencia. Comunicacóns

5.1-Dereitos e Deberes do alumnado.....	11
5.2-Normas de Convivencia	12
5.3-Comunicacións alumnado e familias	12

6.-Información de Interese e outra Normativa

6.1-Control Asistencia	13
6.2-Matricula, Renuncia, Anulación e Baixa Ciclos Formativos.....	13
6.3-Validacións Ciclos Formativos.....	14
6.4-Formación Centros de Traballo (FCT). Periodo Formación na empresa	14
6.5-Programas Europeos	15
6.6-Seccións Bilingües	15
6.7-Plan Autoprotección	16



1. Presentación do centro. Localización. Planos

PRESENTACIÓN DO CENTRO

O IES RICARDO MELLA está ubicado en Vigo, na Estrada Vella de Madrid, cerca do Hospital do Meixoeiro e de fácil acceso a través de autovía A55 ou dalgunha das liñas urbanas que o conectan co centro da cidade.

Próximo ao emprazamento, atopamos dous centros docentes: o CIFP Manuel Antonio e o Valentín Paz Andrade (este, enfronte nosa), un parque comercial, unha residencia de maiores, e o Centro Residencial Docente.

Constitúen o centro educativo varios edificios, que están dentro dun terreo cunha superficie total de 1,45 Ha. O edificio principal, denominado edificio "A", onde se atopan as áreas de Secretaría, Conserxería, despachos (como Xefatura Estudos, Administración, Dirección e Orientación), Sala de Profesores, e departamentos didácticos así como a biblioteca do centro, e diversas aulas onde se sitúan principalmente a ESO, Bacharelato e os ciclos da familia de Administración e Xestión. Este edificio conta con catro plantas.

Ao norte deste edificio está o "B" onde se concentran os ciclos da familia de Sanidade, dispón de tres plantas.

Fronte ao edificio "A" atópase o edificio de Electrónica (edificio "E") que dispón de dúas plantas. Neste tamén están o ximnasio, o Salón de actos e a cafetería.

Ademais destes tres edificios o centro dispón dun pavillón deportivo cuberto, situado na zona sur da parcela.

Existe unha ampla zona axardinada salpicada con mesas e bancos de pedra, onde tamén hai unha pista deportiva descuberta de 675 m². Completan o conxunto dúas zonas de aparcamento de vehículos, unha para o profesorado xunto ao edificio "E", e outra para o alumnado preto do "B".


Como apuntamento histórico diremos que o centro iniciou a súa andaina no ano 1979, como "Centro Nacional de Formación Profesional Meixoeiro", contando con 52 profesores e uns 1.000 alumnos. A denominación foi cambiando cos anos, da man das administracións educativas e os estudos que albergaba, xa que na súa orixe impartíase unicamente estudos profesionais das ramas de administrativo, automoción, electrónica, peiteado e sanidade.

Así no ano 1981, pasamos a ser "IFP Meixoeiro", reconverténdose no 1993 en "IFP Meixoeiro Ricardo Mella", a pesar de que no curso anterior implantábase os estudos da ESO, que conviviron cos profesionais. Non será ata o curso 94-95 cando incorporase o Bacharelato LOXSE nas modalidades Tecnolóxico e Ciencias Medioambientais. E xa no seguinte, 95-96, aparecen os primeiros ciclos formativos que se consolidarían a partir do 96-97. Xa daquela, dispoñíase de "Xestión Administrativa" da familia de administración, "Equipos electrónicos de Consumo" e "Desenvolvemento de Produtos Electrónicos" da de electrónica así como "Saúde Ambiental" da familia de sanidade. A oferta completárase no curso seguinte, e foi nesta época cando no DOG de 12 de xuño 1998 sae publicado a denominación actual do noso instituto: "IES RICARDO MELLA". Dende aquela, moitas cousas cambiaron, renovándose non só estudos ofertados senón a forma de acceso a eles, e modalidades como que o alumnado pode ter a oportunidade de estudar dende a súa casa titorizados e asistidos online polo profesorado, ou compaxinar o seu traballo asistindo en xornada de tarde, ás sesións que melloren a súa competencia profesional, cos ensinos de adultos. A tecnoloxía da man do saber facer e o compromiso dos profesionais que conforman o equipo humano deste centro (actualmente con máis de 100 profesores e uns 1.700 alumnos), fai que este sexa referente para moitas empresas da nosa contorna.

En definitiva, un compromiso co desenvolvemento persoal e profesional do noso alumnado, ao que axudamos en distintas etapas ao longo da súa vida, cunha oferta educativa adaptada as súas necesidades.




LOCALIZACIÓN






Enderezo Postal ✉	Estrada vella de Madrid, nº 177 - 36214 Vigo	
Enderezo web 🌐 www	http://www.edu.xunta.gal/centros/iesricardomella/	
Email @	ies.ricardo.mella@edu.xunta.gal	
Teléfono ☎	886 121 001	
Como chegar?	Coche 🚗	A55 dirección Vigo-saída 6 hacia Meixoeiro A55 dirección Porriño/Ourense-saída 5B hacia Meixoeiro
	Autobús 🚌	Liñas 12A, 12B, 13 e 31. Mais información: https://www.vitrassa.es/renovaciones Tarxeta Passvigo Estudante: Poden solicitala os estudantes que estean matriculados durante o presente curso nun centro de estudos de Vigo. Información: http://passvigo.vigo.org/
	Taxi 🚕	Centrais de radio: Central radio taxi: 986 470 000 / 986 470 033 Radio taxi Vigo: 986 252 700 / 986 272 82 Radio taxi solidario: 986 123 123



PLANOS DO CENTRO



2 Oferta educativa. Calendario. Horario

OFERTA EDUCATIVA 24/25		
ESO e Bacharelato	Primeiro e segundo ciclo da ESO (1º, 2º, 3º e 4º)	
	Educación Secundaria para Adultos (ESA)	
	Bacharelato en réxime ordinario (modalidade Ciencias e Tecnoloxía e modalidade Humanidades e Ciencias Sociais)	
Ciclos Formativos	 Administración e xestión	Grao Básico Servizos Administrativos. Oferta Ordinaria
		Grao Medio Xestión Administrativa. Oferta Ordinaria, Oferta modular (modalidade semipresencial/distancia) e oferta de prazas en probas libres.
		Grao Superior Administración e Finanzas. Oferta Ordinaria, Oferta modular (modalidade presencial e semipresencial/distancia) e oferta de prazas en probas libres.
		Grao Superior Asistencia á dirección. Oferta Ordinaria, Oferta modular(modalidade semipresencial/distancia) e oferta de prazas en probas libres.
	 Electricidade e electrónica	Grao Básico Electricidade e electrónica. Oferta Ordinaria.
		Grao Medio Instalacións de telecomunicacións. Oferta Ordinaria, Oferta modular (modalidade presencial) e oferta de prazas en probas libres.
		Grao Superior Mantemento electrónico. Oferta ordinaria, Oferta modular (modalidade semipresencial/distancia) e oferta de prazas en probas libres.
		Grao Superior Sistemas de telecomunicacións e informáticos. Oferta ordinaria, Oferta modular (modalidade presencial) e oferta de prazas en probas libres.
		Curso especialización Instalación e mantemento de sistemas conectados a internet (IoT) (GM)
		Curso especialización Ciberseguridade en contornos das tecnoloxías de operación (GS)
	 Sanidade	Grao Medio Coidados auxiliares de enfermaría. Oferta Ordinaria, Oferta modular (modalidade presencial), Dual Intensivo e oferta de prazas en probas libres.
		Grao Medio Emerxencias sanitarias. Oferta modular (modalidade presencial e semipresencial/distancia) e oferta de prazas en probas libres.
		Grao Medio Farmacia e parafarmacia. Oferta modular (modalidade presencial e semipresencial/distancia) e oferta de prazas en probas libres.
		Grao Superior Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear. Oferta Ordinaria, Dual Intensiva e oferta de prazas en probas libres.



CALENDARIO ESCOLAR

Calendario Escolar 24_25

IES Ricardo Mella

SETEMBRO 2024						
L	MA	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

OUTUBRO 2024						
L	MA	ME	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

NOVEMBRO 2024						
L	MA	ME	X	V	S	D
			1	2	3	
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

DECEMBRO 2024						
L	MA	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

XANEIRO 2025						
L	MA	ME	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

FEBREIRO 2025						
L	MA	ME	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28		

MARZO 2025						
L	MA	ME	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

ABRIL 2025						
L	MA	ME	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

MAIO 2025						
L	MA	ME	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

XUÑO 2025						
L	MA	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

- As actividades lectivas realizaranse desde o día 11 de setembro de 2024 ata o 20 de xuño de 2025, ambos incluídos.
- Os períodos de vacacións escolares no curso académico 2024/25 serán os seguintes:
 - Nadal: desde o día 23 de decembro de 2024 ata o día 7 de xaneiro de 2025, ambos incluídos
 - Entroido: os días 3, 4 e 5 de marzo de 2025
 - Semana Santa: desde o día 14 ata o día 21 de abril de 2025, ambos incluídos
- **Días non lectivos**
 - Festivos laborais. Días de elección centro
 - Día do ensino: 31 outubro 2024

Calendario provisional en base ao establecido na Orde 12 de abril 2024, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/2025 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 80). Pendentes de confirmar festivos locais e de libre elección do centro.

HORARIO LECTIVO


ESO, Bacharelato e FP Básica	Xornada de mañá	De luns a venres dende 8:45 h-14:15 h Período de lecer (Recreo) de 11:15h-11:45h
	Xornada de tarde	Luns das 16:15 h-17:45 h
Ciclos FP (Oferta ordinaria)	Xornada de mañá	De luns a venres dende 8:45 h-14:15 h Período de lecer (recreo) de 11:15 h-11:45 h
	Xornada de tarde	Luns e Mércores/Xoves de 16:15 h-18:30 h
Ciclos FP (Oferta modular)	A partir de 16:15 h ata 22:10 h. A hora de inicio das clases varía en función dos diferentes módulos profesionais (podendo haber sesións a partir das 14:15 h)	

HORARIO INSTALACIÓNS CENTRO

Días lectivos	De 8:15 h a 22:10 h
Días laborables non lectivos	De 9:00 h a 14:00 h adaptando o horario ás necesidades do centro e á época do ano.



3. Organigrama





4. Servizos do centro

TRANSPORTE ESCOLAR

Dispoñemos de 4 liñas para o alumnado autorizado no uso deste servizo (ESO e FP Básica, ata os 16 anos), en tanto que para o resto (usuario excepcional) terá que realizar a súa petición de forma específica, valorándose a súa inclusión cando non puidesen achegarse polos seus propios medios.

LIÑA1-PRAZA AMÉRICA	LIÑA2-LAVADORES	
<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> L1-1-Praza América <input type="checkbox"/> L1-2-Gran Vía-Jesuitinas (Rúa do Carme) <input type="checkbox"/> L1-3-Praza España (Hospital Concheiro) <input type="checkbox"/> L1-4-M.Garrido-Caixa (M.Garrido, 69-Abanca) <input type="checkbox"/> L1-5-M.Garrido-Ceboleira (M.Garrido, 38) <input type="checkbox"/> L1-6-Colexio Vilar (Alcalde Lavadores, 16-Valle Inclán) <input type="checkbox"/> L1-7-Lavadoiro (Avda. Alcalde Lavadores, 150) <p>IES RICARDO MELLA</p>	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> L2-1-Urzaiz (Bar León)-Plaza Fernando Católico <input type="checkbox"/> L2-2-Trav. Vigo-Cruce Vía Norte <input type="checkbox"/> L2-3-TR.DE VIGO, III (181) <input type="checkbox"/> L2-4-Aragón-Bailén (Aragón, 211) <input type="checkbox"/> L2-5-Jenaro Fuente (Arriba do tunel) <input type="checkbox"/> L2-6-Rua Ramón Nieto, 173 (Baixada Capitán) <input type="checkbox"/> L2-7-Avda. Ramón Nieto Nº357 (Barreiro) <input type="checkbox"/> L2-8-Adva Ramón Nieto, 445 (Alvarez) <input type="checkbox"/> L2-9-Rúa Manuel Álvarez, 102 <input type="checkbox"/> L2-10-Camiño Meixoeiro <p>IES RICARDO MELLA</p>	
LIÑA 3-AVDA DO AEROPORTO	LIÑA4-BEMBRIVE	
<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> L3-1-Peinador (Estrada Redondela, 3-Hotel Avión) <input type="checkbox"/> L3-2-Avda Aeroporto-Bar Crespo (Avda aeroporto, 469) <input type="checkbox"/> L3-3-Colexio Alborada (Avda Aeroporto, 392) <input type="checkbox"/> L3-4-Avda. Ramón nieto,207 <input type="checkbox"/> L3-5-Barreiro (Avda Ramón Nieto, 358) <input type="checkbox"/> L3-6-Fonte Escura (Avda Ramón Nieto, 386) <input type="checkbox"/> L3-7-Sello <p>IES RICARDO MELLA</p>	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> L4-1-Recare Rotonda <input type="checkbox"/> L4-2-Recare (Parada Vitrasa) <input type="checkbox"/> L4-3-Segade <input type="checkbox"/> L4-5-Cacheno (Cristo do Cacheno) <input type="checkbox"/> L4-6-Xeme,2 <input type="checkbox"/> L4-7-Xeme,61 <input type="checkbox"/> L4-8-Bembrive (Caixanova) <input type="checkbox"/> L4-9-Bembrive (Farmacia) <input type="checkbox"/> L4-10-Carretera Bembrive (Cruce subida a cruz) 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> L4-11-Mourelle <input type="checkbox"/> L4-12-Bembrive (R Cruz 51 parada Vitrasa) <input type="checkbox"/> L4-13-Monteira <input type="checkbox"/> L4-14-Camiño Suaxeira <input type="checkbox"/> L4-15-IES Carlos Casares <input type="checkbox"/> L4-16-IES Ricardo Mella <p>IES RICARDO MELLA</p>

Os horarios de inicio de roteiro, pola mañá será a partir das 7:45h/8:00 h, e de regreso, tras a finalización da xornada lectiva a partir das 14:15 h. O luns, ao existir xornada de tarde iniciarase ás 15:30 h, e de regreso as 17:45h/17:50h.

Ao alumnado usuario repartiráselle uns carnés (diferenciados por liñas, claramente visibles, ao ter unha cor distinta), que o identificará ante o condutor. Será Vicedirección a responsable do rexistro deste alumnado, así como de recibir as peticións, unha vez formalizadas en Secretaría.



BIBLIOTECA "ANA ARRAIZ"

Atópase na 1ª planta do edificio principal ("A"), cun horario de mañá e tarde. Todo o alumnado do centro é socio: non existe carné, e para facer algún préstamo basta con dar o teu apelido. O tempo de empréstamo é de 15 días, renovables, e cun tope de 2 exemplares.

Pretende ser un espazo común accesible a todos os membros da comunidade educativa, que non se limite a ser un punto de estudo ou de traballo senón como motor de actividade na animación a lectura, que axude a mellorar competencias e desenvolver habilidades do noso alumnado. Son múltiples os medios desta dinamización, que van dende clubs de lectura ata encontros con escritores ou rutas literarias. O persoal implicado axuda día a día a conseguir unha ampla difusión das súas actividades, como a presenza da nosa biblioteca en Redes sociais. En definitiva, un elemento de unión para os que formamos o centro, con independencia da orixe.

VIVEIRO EMPRESAS

O noso centro atópase na rede de viveiros que oferta a Consellería de Educación, co obxectivo de desenvolver e poñer en marcha un proxecto empresarial. Pode acceder aquel alumnado matriculado (ou que rematara os seus estudos nos últimos catro anos) nalgunha ensinanza sostida con fondos públicos de Galicia formación profesional, artes plásticas e deseño; superiores de deseño, de conservación e restauración de bens culturais, de arte dramática, de música, de danza; deportivas, bacharelato e educación secundaria para persoas adultas (ESA), ter un proxecto empresarial a desenvolver na Comunidade e presentar un plan de empresa. Os servizos que recibe a/o emprendedora/or son os de: asesoramento da/do titora/or e técnicos especialistas, instalacións adecuadas para o desenvolvemento das súas actividades e outros como internet ou difusión da empresa a través da web www.edu.xunta.es/fp.

BOLSA DE EMPREGO

É un servizo ofrecido polo instituto pensado para facilitar o contacto co mundo laboral do noso alumnado e ex alumnado. Poden formar parte desta, todas/os alumnas/os (antigos e actuais) do centro que estean na procura activa de emprego. O mecanismo de funcionamento é moi sinxelo: enviando un currículum (CV) actualizado a un enderezo electrónico e un consentimento expreso firmado sobre protección de datos.

SERVIZO REPROGRAFÍA

Está á disposición do alumnado na Conserxería do centro, e no tempo do recreo. Como norma xeral, non se facilitará este servizo durante as horas de clase. Caso de precisar un número considerable de copias, aconséllase encargalas con antelación. Quedan excluídas deste servizo fotocopias de libros, en base á normativa de propiedade intelectual.

APARCADOIRO

O centro dispón de aparcadoiro para o alumnado, situado preto do edificio "B" (entrando no recinto, a man esquerda). Deberán respectarse os espazos destinados para tal fin, sen obstaculizar a entrada e saída de vehículos, polo que, e de cara a identificar os usuarios, o alumnado matriculado que fai uso deste servizo facilitará ao centro os seus datos e os do seu vehículo (estará dispoñible un formulario online, ao que poderá accederse a través dun código QR). Existen, igualmente, identificadas prazas reservadas para aquel alumnado que teña tarxeta de estacionamento de vehículos automóbiles para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida.

CAFETERIA

O alumnado pode acceder aos servizos que presta a empresa concesionaria durante o recreo, ou cando dispoñan ocos no seu horario lectivo por ter superadas ou validadas materias, na quenda da mañá en réxime ordinario. O establecemento permanecerá aberto para atender ao alumnado de nocturno e ao mediodía cando exista xornada partida. O alumnado de ESO e FPBásica só poderá acceder no recreo, e non poderá quedar na mesma nin empregar as mesas.



5 Dereitos e Deberes do alumnado. Normas de Convivencia. Comunicación alumnado e familias

Recollidos en distintos artigos das NOFC, tendo en conta o desenvolto no Real decreto 732/1995, do 5 de maio (BOE 131, xuño) polo que se establecen os dereitos e os deberes do alumnado e as normas de convivencia nos centros así como a Lei 4/2011, 30 xuño (art. 7) (DOG 136, xullo) e que de forma resumida:

DEREITOS	DEBERES
A recibir unha formación integral e coeducativa que contribua ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.	Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros/os á educación.
A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.	Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecendo como autoridade educativa do centro.
Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situación de acoso escolar.	Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola administración educativa, nos termos previstos pola mesma.	Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflito e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.	Custodiar responsablemente os seus obxectos persoais, en especial os de certo valor económico.
A que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade	Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro, e respectar as pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
A ser oídas/os e a manifestar a súa discrepancia respecto das decisións educativas que lles afecten	Esta responsabilidade, implica no caso de producirse danos, a reparar estes (de forma individual ou grupal) facendose cargo, no seu caso, dos custos económicos. Os representantes legais asumen a responsabilidade civil que lles corresponda.
A recibir orientación educativa e profesional.	Intervir, a través das canles reglamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do centro.
A recibir as axudas e apoios precisos para compensar as carencias e desvantaxes e tipo persoal, familiar, social e cultural, especialmente no caso de presentar n.e.e que impidan ou dificulten o acceso e a permanencia no sistema educativo.	Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
A secundar as folgas estudantes oficialmente convocadas, sen que as faltas de asistencia derivadas do exercicio deste dereito poidan ser computadas como "non xustificadas" sempre que os alumnos informen da súa intención de secunda a folga, tal e como se recolle no art. 10 do Título I das NOFC. O alumnado de 1º e 2º da ESO non ten dereito á folga.	Asistir a clase con puntualidade e co material preciso
A ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade. Para garantir este dereito, establece procedementos para as reclamacións das cualificacións finais, desenvoltas no artigo art 45 da Orde 12 de xullo 2011, DOG 136 no caso da formación profesional, na Orde 26/5/23 (DOG 111) para ESO e Bacharelato que desenvolven Decretos 156/2022 e 157/2022 (a partir art 38).	Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento do centro.
Cada departamento da familia profesional establecerá os mecanismos para dar a coñecer ao alumnado a información relativa a programación de cada módulo profesional (art.23.4 Orde 12/7/11). Igualmente en ESO e Bacharelato, as programacións serán visibles a través da aplicación PROENS (art. 21.2 Resolución 23/5/23)	Estudar e esforzarse para conseguir o máximo desenvolvemento segundo as súas capacidades
	En base o art. 19.4 do Decreto 8/2015, e a orde do 4 de xaneiro 2024, non se permitirá durante a xornada escolar o emprego libre dos teléfonos móbiles e demais dispositivos electrónicos (incluíndo entradas e saídas, o tempo de recreo, de comedor e os periodos dedicados ao desenvolvemento de actividades extraescolares e complementarias). Está terminantemente prohibido usar o teléfono móbil como cámara fotográfica ou grabadora de imaxes ou sons en todo o recinto escolar, salvo autorización expresa do profesorado. Existen excepcións para o alumnado de ciclos e bacharelato para uso proporcionado e razoable de ordenador e tablet en determinados espazos (biblioteca, antesala Xefatura de estudos,...) con fins pedagóxicos.



Delegados, Xunta de Delegados e dereito de reunión e ausencia por acordo colectivo

No IES existirá unha xunta de delegadas/os integrada por todos as/os delegadas/os do curso, ademais dos representantes das/os alumnas/os no Consello Escolar. Cada grupo de alumnas/os do centro, elixirá por sufraxio directo, secreto e non delegable no inicio de curso unha/un delegada/o que formará parte desta xunta. Tamén elixirase unha/un subdelegada/o. No seo da Xunta designarase, por votación entre os seus membros, unha/un Presidenta/e, unha/un Vicepresidenta/e, unha/un Secretaria/o e unha/un Vicesecretaria/o. Estas eleccións serán convocadas por Xefatura de Estudos e organizadas en colaboración coa/co profesora/or titora/or e os representantes do alumnado no Consello Escolar.

Caso de que algún sindicato estudiantil convoque, de maneira oficial unha folga, a/o delegada/o de cada clase (a partir de 3º ESO), informará ás/aos súas/seus compañeiras/os do motivo da mesma e se realizará unha votación para decidir (por maioría simple) se o grupo a secunda. Caso favorable, cada alumna/o poderá decidir se a secunda. Cubrirá a clase un impreso de "Decisión colectiva de non asistencia. Folga estudiantil", que será entregado a súa/seu titora/or (cun mínimo de 1 día de antelación). Caso desfavorable, o alumnado non poderá xustificar a súa falta nesa data (salvo por outro motivo). Para o alumnado menor idade, o impreso "Autorización de participación en folga estudiantil" deberá estar asinado polos seus representantes legais, e entrégalo igualmente a súa titora/or cun día de antelación.

Normas de convivencia

As NOFC desenvolven diverso articulado relativo ás actuacións no marco da convivencia no centro, tendo en conta a Lei 4/2011, 30 xuño (DOG, 136) e o Decreto 8/2015, 8 xaneiro (DOG, 17): incluíndose os tipos de condutas contrarias á convivencia, as súas medidas correctoras e gradación, así como os procedementos de corrección que se efectuarían. Do mesmo xeito, recolle tal e como especifica no art. 25 do mencionado Decreto, as situacións e actuacións que se levarían co alumnado que se atendería na aula de Convivencia.

Comunicacións alumnado e familias

-A vía preferente de comunicación (avisos titora/or, notificacións centro, boletín cualificacións, faltas asistencia, etc), será a través da aplicación "abalarMóbil" que se pode instalar tanto no teléfono móbil como nunha tablet. Polo que, comprobarase que os titores legais e o alumnado, dispoñan deste mecanismo.

-A paxina web do IES, utilizarase como vehículo xeral de comunicación: convocatorias, prazos, probas, matrícula, etc. Outras vías serían o teléfono ou o correo electrónico.



6. Información de Interese e Outra Normativa.

CONTROL ASISTENCIA

-No alumnado en idade de escolarización obrigatoria, teremos en conta o protocolo de absentismo da Xunta de Galicia, o cal considera que prodúcese este feito cando o alumnado auséntase do centro de forma inxustificada nun 10% do horario lectivo mensual. Nas NOFC recóllese que se realizará un seguimento específico, tal que se rexistrará a inasistencia nas primeiras horas da mañá e a primeira sesión lectiva da tarde dos luns, para proceder posteriormente a chamar aos representantes legais.

-Nos ciclos formativos, e segundo indica o art. 25 da Orde 12/7/11 (DOG, 136), e o punto Cuarto da Resolución 10/7/24 desenvolvemento ciclos curso 24/25 (DOG, 141), a inasistencia a clase implicará a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo, cando o número de faltas inxustificadas sexa do 10% da súa duración total. Previamente, o alumnado recibirá un apercibimento cando estas faltas cheguen ao 6% da duración total. As comunicacións destas situacións poderá realizalas o centro por medios electrónicos, empregando o sistema Abalar ou "abalarMóbil". Estas instrucións non serán de aplicación no caso do alumnado de FPBásica, en idade de escolarización obrigatoria. As faltas susceptibles de ser xustificadas, están sinaladas no articulado das NOFC (valorando o profesorado as circunstancias persoais e laborais do alumnado).

-No caso de Bacharelato, as faltas de asistencia non xustificadas non conlevan a perda da avaliación continua. Terase en conta o indicado no Decreto 157/2022, 15 setembro (DOG, 183), art. 24.3: o alumnado poderá obter o título de bacharel, cunha materia suspensa se non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte do alumnado na materia. Considerarase isto cando faltou de forma inxustificada a máis do 10% das horas totais da materia. Cando supere o 6%, a/o profesora/o da materia avisará ao alumnado e informará á/ao titora/or o cal comunicará tal situación aos seus representantes legais, no caso dos menores de idade.

-As familias ou o alumnado entregará aos titores os xustificantes das faltas de asistencia (médicos ou doutro tipo), sempre que sexa posible por anticipado, ou no mesmo momento da reincorporación ao centro, non deixando pasar en ningún caso máis de dous días.

MATRICULA, RENUNCIA, ANULACIÓN E BAIXA CICLOS FORMATIVOS

-Coa formalización da matrícula en cada curso académico, ao alumnado lle dará dereito a unha convocatoria para cada módulo profesional: podendo ser avaliado ata un máximo de catro convocatorias (catro cursos), con independencia do réxime ou modalidade que se curse, agás no caso da FCT que será de dúas. No caso de esgotar o número de convocatorias, poderase solicitar unha extraordinaria cumprindo unha serie de requisitos previstos art. 11 Orde 12 xullo 2011.

-Matricularase de 2º curso, aquel alumnado que supere todos os módulos de 1º curso ou se a suma da duración dos módulos pendentes non supera as 300 horas. No caso de non promocionar, deberá repetir os módulos non superados formalizando a matrícula de 1º curso. Neste curso 24/25 adaptarase á nova ordenación académica da oferta ordinaria, segundo o establecido no punto Décimo Terceiro da Resolución 10/7/24 sobre a ordenación dos graos D e E no curso 24/25 (DOG, 141)



-Poderase renunciar, co fin de non esgotar as convocatorias, con carácter xeral, por unha soa vez, á avaliación e á cualificación da totalidade dos módulos no réxime ordinario ou de forma parcial na oferta modular cando existan unas circunstancias descritas no art. 7 Orde 12 de xullo 2011. A solicitude, xunto coa documentación acreditativa, deberá presentarse ante a Dirección do Centro: no caso de 1º cursos ou ciclos modular, cunha antelación mínima de 2 meses á avaliación final; no caso de 2º curso de ordinario, antelación 2 meses a data prevista inicio FCT (art. 8 Orde 12/7/11).

-A baixa de oficio producirase cando o alumnado non asista inxustificadamente máis de 15 días lectivos consecutivos ou máis de 25 días lectivos descontinuos. Con carácter previo, o centro enviará apercibimento cando acumule máis de 10 días lectivos de faltas inxustificadas. As comunicacións destas situacións poderá realizalas o centro por medios electrónicos, empregando o sistema Abalar ou "abalarMóbil".

-Se o alumnado pide a anulación da matrícula cunha antelación mínima dunha semana ao remate da matrícula, non consumirá convocatoria. Caso que pida a baixa voluntaria, con posterioridade a esta data límite, terá os mesmo efectos que a baixa de oficio.

VALIDACIÓNS CICLOS FORMATIVOS

No caso de aquel alumnado con estudos previos como, por exemplo, outros ciclos formativos ou certificados de profesionalidade/acreditación de competencias.

A normativa de referencia para proceder a validación de módulos atopase recollida na Orde 12 de xullo 2011 avaliación formación profesional (DOG, 136), no RD 1085/2020, 9 decembro polo que establécense validacións de módulos profesionais dos títulos de FP (BOE 340) e na Resolución 10 de xullo 2024 sobre desenvolvemento de ciclos curso 24/25 (apartado Quinto, DOG 141) , diferenciando os que son competencia da dirección do centro educativo (presentando solicitude no Anexo XIV da Orde 12 xullo 2011) das resoltas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional (presentando solicitude no Anexo V do RD 1085/2020), sendo os prazos de presentación distintos: no caso do centro **nos primeiros 20 días desde o inicio das clases** e no segundo caso *iniciarase o día que dea comezo o curso escolar e rematará o derradeiro día do devandito curso*. Para máis información: <http://www.edu.xunta.gal/fp/validacion-modulos-profesionais>

FORMACIÓN CENTROS DE TRABAJO (FCT)/PERIODO FORMACIÓN NA EMPRESA (FP)

A FCT é un módulo presente en todos os ciclos formativos e efectúase nunha empresa ou entidade co obxecto de desenvolver as competencias adquiridas no centro educativo e completalas con situacións reais do ámbito produtivo ao que pertence a familia profesional

Habitualmente, e se o alumnado supera todos os módulos académicos, desenvolverase no terceiro trimestre do 2º curso do ciclo formativo de 2000 horas (abril-xuño). No caso de menor carga horaria LOXSE o tempo sería no 1º trimestre deste 2º curso (setembro-décembro). Existen outros períodos "extraordinarios" cando o alumnado tivera que recuperar os módulos académicos do 1º/2º curso pendentes que son, por norma xeral: setembro-décembro e xaneiro-marzo.

Xunto coa titora/or do grupo, que realizará o seguimento, contará cunha/cun titora/or laboral que colaborará na avaliación do módulo sendo esta de APTA/O ou NON APTA/O

Nos ciclos de grao superior, xunto con este módulo o alumnado tamén cursará o módulo de Proxecto, que se desenvolverá segundo a súa programación, e será avaliado logo de rematada a FCT cualificándose igual que o resto dos módulos entre un e dez.

O módulo de FCT é susceptible de exención pola súa correspondencia coa experiencia laboral, e a súa solicitude formalizarase polo menos 20 días hábiles antes do inicio das actividades programadas para a FCT, téndose en conta o establecido na Orde de 28 de febreiro de 2007, pola que se regula o módulo (DOG 48), e o apartado Sexto do desenvolvemento ciclos curso 24/25 (DOG 141).

Neste curso 24-25 iníciase unha nova ordenación académica para os curso de 1º en oferta ordinaria (réxime xeral), onde poden incorporar un período de formación na empresa, como parte integrada do currículo dos módulos profesionais. Os aspectos xerais desta formación, atópanse regulados no punto Décimo Segundo da Resolución 10/7/24 sobre ordenación e organización graos D e E para o curso 24-25 (DOG 141).

PROGRAMAS EUROPEOS

O IES RICARDO MELLA, ten concedidas as seguintes acreditacións:

KA120: Acreditación Erasmus no ámbito da Formación Profesional

Este novo sistema de acreditación facilitará a solicitude de subvencións Erasmus+ para mobilidades de alumnado e de persoal de Ciclos Básicos e de Ciclos Medios no período 2021-2027.

Carta ERASMUS de Educación Superior (ECHE) 2021-2027

A carta Erasmus de Educación Superior (ECHE) permite que teñamos en todo o período 2021-2027 actividades de mobilidades de alumnado e de persoal de Educación Superior.

A responsable de programas internacionais, expón a través do taboleiro e paxina web as distintas convocatorias en todos os ámbitos, para as distintas modalidades.

SECCIÓNS BILINGÜES

Este programa supón a organización do ensino dunha área ou materia non lingüística que se cursa dun xeito bilingüe nunha lingua cooficial e nunha lingua estranxeira utilizada como mínimo durante o 50% do horario lectivo.

Para o curso 24-25 o IES RICARDO MELLA participa neste programa, nos seguintes módulos:

Familia Profesional	Ciclo Formativo-Curso	Módulo	Lingua Estranxeira
Sanidade	Emerxencias Sanitarias Modular Presencial	Evacuación e traslado de pacientes	Inglés
	1º Coidados auxiliares de Enfermaría Ordinario	Promoción da saúde e apoio psicolóxico ao paciente	Inglés
Administración e Xestión	1º Asistencia á dirección Ordinario	Comunicación e atención á Clientela	Francés



PLAN AUTOPROTECCIÓN

No IES RICARDO MELLA, contamos cun PLAN DE AUTOPROTECCIÓN onde se contempla procedementos de actuación ante emerxencias.

En cada aula/taller existen planos de evacuación que deben consultarse para coñecer a saída de emerxencia máis próxima.

Anualmente, polo menos, realizarase un simulacro para formar e inculcar unha cultura preventiva en situacións de emerxencia a todas as persoas existentes no Centro. Estes simulacros, ademais, permitirán analizar o grao de implantación e implicación de todas as persoas existentes no Centro.

Consignas ante unha situación de evacuación xeral:

1-Cando soen os “Tres Timbrados” de Alarma de Evacuación Xeral, a/o profesora/or, como Xefa/e do Equipo de Emerxencia de Aula, comunicará ao alumnado que se trata dunha Evacuación Xeral do edificio e ordenaralles que deixen inmediatamente de facer as tarefas que estivesen a realizar. Deixarán todo sobre a mesa, porque as portas vanse pechar (Pasados uns segundos repetiranse os “tres timbrados” para confirmar a Evacuación Xeral, que serán reiterados no tempo).

2-A continuación, sen esperar a repetición dos “Tres Timbrados” o alumnado formará rapidamente unha fila ao lado da porta da aula, encabezada a mesma pola/o delegada/o do grupo. Inmediatamente a/o profesora/or ordenará o inicio da saída da aula.

3-O alumnado que estea máis preto das ventás pecharanas e poranse á cola da fila. O profesorado será o derradeiro en abandonar a aula e pechará a porta da mesma.

4-No caso de presenza de fume nos corredores, o persoal deitarase no chan e seguirán a gatas.

5-O grupo permanecerá sempre unido e seguindo as instrucións da/do xefa/e do E.E.A, e nunca volverá á aula para recoller obxectos.

6-A evacuación dos edificios iniciarase sempre polo andar máis baixo. Cando o persoal dun andar superior chegue ao inferior, esperará a que este se baleire completamente.

7-Na evacuación de cada unha das plantas realizarase, permitindo sempre o paso aos compañeiros que saian pola nosa esquerda. Ninguén intentará adiantar aos compañeiros.

8-Nas escaleiras, baixaremos formando dúas filas polo lado da parede, deixando libre o oco da escaleira ao longo de todo o percorrido.

9-No caso de que nun grupo houbese unha persoa con discapacidade ou accidentada, o profesorado encargarse de avisar á Xefatura do Equipo de Emerxencia Xeral desta situación, por medio dunha/dun alumna/o. Neste caso o profesorado xunto con outros tres alumnas/os socorrerán á discapacitada/accidentada ata que chegue a axuda externa.

10-Cando o profesorado téñase que quedar na aula cunha persoa accidentada ou discapacitada, o grupo dirixirse ao momento de reunión dirixido pola/o delegada/o ou persoa en que delegue o profesorado.

11-Se no momento da evacuación, unha/un alumna/o se atopara fóra da aula do seu grupo, uniríase ao grupo máis próximo e comunicarllo á/ao xefa/e correspondente.

12-Nunca utilizaremos o elevador no caso dunha emerxencia.

13-Todo o persoal deberá seguir sempre os Sinais das Vías de Evacuación que os levará á nosa zona de reunión do edificio.

14-A/O xefa/e do E.E.A encargarse de levar o Parte de Clase ata a zona de reunión correspondente. Neste parte, o profesorado deberá anotar sempre o número de alumnado que está presente na súa clase.

15-Unha vez chegados á Zona de Reunión, todo o alumnado se agrupará arredor da/do súa/seu profesora/or e posteriormente, esta/e fará un cotexo dos compoñentes de cada grupo

16-Finalizada a Evacuación Xeral, cada profesora/or dará un informe das incidencias que se teñan producido á Xefatura do E.E.X.

